


Quizabeis a primeira termografía dunha palloza nos Ancares

Durante o derradeiro mes de abril 2015, fíxose unha análise termográfica de varias pallozas na serra de Os Ancares, no linde entre Galicia e Castela-Léon, concretamente nas aldeas de Piornedo, Balboa e Canteixeira.

A análise termográfica feita pretende coñecer os valores de temperatura da envolvente das pallozas, ben nos muros de pedra coma nos teitos de palla, xerando unha base de coñecemento científico desta arquitectura tradicional senlleira.



Termografía dunha palloza en Balboa



Palloza en Canteixeira

Estes ensaios forman parte dunha investigación¹ cuido obxectivo é coñecelo comportamento enerxético de arquitecturas bioclimáticas. O estudio complementábase cunha toma de datos, que ó longo dun ano, rexistrará a temperatura (°C) e maila humidade relativa (%) no interior i exterior, para o cal dispuxéronse uns medidores “data logger”.



Rexistro “data logger” de tª e humidade



Palloza en Piornedo

As imaxes termográficas atópanse en fase de análise, e tódolos resultados obtidos durante a investigación van ser publicados axiña.

Agradecemos enormemente a colaboración e tódalas facilidades que están a deixarnos desenrolar este traballo; a Isolina e Fuco, na palloza Museo Casa do Sesto, en Piornedo (<http://www.palozamuseocasadosesto.com/>); e máis a Felipe, no restaurante palloza Casa Lamas de Canteixeira (<http://www.palloza.es/>).

¹ Evolución del comportamiento térmico en viviendas tradicionales de piedra y cubierta de paja: Puesta en valor de un modelo sostenible en el noroeste de España. Pablo Fernández Ans. Revista de la Construcción, vol.12 número2 <http://dx.doi.org/10.4067/S0718-915X2013000200008>